

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria urgente Motivo: «Finalización prazo para xustificación de subvención»
Data	30 de novembro de 2020
Duración	Desde as 9:31 ata as 10:03 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria acctal.	Ana M ^a Pérez Rodríguez

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
76914480L	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
35576809H	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
35566288P	Lucía Pereira González	SÍ
76909361Y	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
35548188D	Miguel González González	SÍ
35569773C	Noelia Pérez Domínguez	NON
34873897D	Primitivo González Souto	SÍ
36152982H	Rubén González Coto	SÍ
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	NON
35568513W	Verónica Tourón Domínguez	SÍ
35564737K	Ángela Ledo Souto	SÍ

76897189R

Ángela Valcárcel Bernárdez

SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

- 1. Ana Cristina Pérez Cabaleiro:
«por motivos laborais e familiares»
- 1. Noelia Pérez Domínguez:
«por motivos laborais e familiares»
- 1. Santiago Rodríguez Davila:
«por motivos laborais e familiares»

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN:

Sra. Alcaldesa: Bos días a todos e a todas e todos os veciños e veciñas que hoxe de mañá nos poden mirar a través da canle de youtube. Antes de votar a urxencia deste pleno, si vos parece pasamos a explicar a urxencia do mesmo, recibida a proposta do Concelleiro de Medio Ambiente, Ruben González Coto de aprobación do Plan de Acción para o clima e a enerxía sostible, damos conta do motivo da urxencia e despois pasamos a parte resolutiva da orde do día.

Sr. González Coto: Bos días a todos e a todas e todas e tamén aos veciños, o motivo da urxencia é o que acaba de sinalar a Alcaldesa a finalización da subvención da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que finaliza hoxe o prazo.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Sometida a urxencia desta sesión queda aprobada por unanimidade dos DEZ membros presentes a mesma e acordase:

Ratificar polo Pleno a urxencia da sesión de conformidade co disposto no artigo 33 6) do Regulamento orgánico municipal e no artigo 79 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1034/2020. Aprobación do Plan de Acción para o clima e a enerxía sostible (PACES)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sr. González Coto: O Concello de Salceda de Caselas adherirse de forma voluntaria a iniciativa Europea ao pacto das Alcaldías para o Clima e a enerxía sostible o 22 de febreiro de 2019, co obxectivo de reducir as emisións de CO2 nun 40% antes do 2030 asumindo uns compromisos para mellorar a eficiencia enerxética, utilizar fontes de enerxía renovables e desenvolver medidas para adaptarse as consecuencias do cambio climático, para a consecución destes obxectivos os Concellos comprométese a presentar un Plan de acción para o clima e a enerxía sostible o denominado PACES nun prazo de dous anos a partir da sinatura do pacto. Este Plan é un documento que debe cumprir unhas exigencias técnicas e se estrutura en tres partes: inventario de emisión de referencia (IRE), o Concello de Salceda de Caselas ten de referencia ao ano 2010 para cuantificar as emisións CO2 derivadas dos consumos enerxéticos para a identificación das principais fontes antrópicas e outros gases de efecto invernadoiro do municipio, así aportan información necesaria para establecer unha diagnose enerxética local a partir da cal se programan e se priorizan as medidas do plan de acción para permitir a redución das emisións. Puntos dous: análises de riscos e vulnerabilidades, a descrición dos análises de distintos riscos os que o Municipio de Salceda de Caselas está exposto tanto agora mesmo coma no futuro a consecuencia dos cambios producidos no cambio climático na rexión, identificando vulnerabilidades e oportunidades de adaptación ao novo escenario climático. Punto tres: Plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES), Planificación, estruturación e priorización das medidas a levar a cabo ata o ano 2030 para conseguir o obxectivo de redución do dióxido de carbono nun 40% desde o ano de referencia considerado, algunhas desta medidas son: creación dunha oficina contra o cambio climático, contratación verde, mobilidade sustentable, uso da enerxía renovables, e un longo etc. O PACES ven sendo un documento vivo no que o Concello establece as bases para conseguir os obxectivo e pode modificar e incluír estas medidas en calquera momento así como a obriga de informar cada dous anos do seguimento do Plan, hoxe o presentamos no pleno para poder acollernos a Orde o 5 de maio de 2020 pola que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda concede unhas axudas aos Concellos para a elaboración deste Plan de acción para o clima e enerxía sostible.

Sr. González Souto: Bos días a todos e todas, bos días aos veciños que nos están seguindo dende a plataforma dixital. Desculpar as ausencias de Noelia, Cris e Santi por non poder alterar os seus compromisos laborais e familiares dado o prazo de notificación. Convócasenos a este pleno extraordinario co fin de aprobación do plan de acción para o clima e enerxía sostible do Concello, dadas a evidencias medioambientais e indicadores climáticos o dano e a alteración que estamos producindo coa actividade humana no planeta que a estas alturas xa non é reversible que todas as administracións incluído os Concellos se involucren na redución das emisión de CO2 en consecuencia na redución no consumo de enerxía non é mais que un acto por parte do Concello de responsabilidade o que

se debe de abordar coa importancia que se merece. O plan de acción para o clima e enerxía sostible do Concello que se pretende aprobar hoxe aquí, xera un documento marco que debería sacar unha fotografía ao momento actual cunha medición seria e rigurosa das emisións de CO₂ e consumos de enerxía que existen agora mesmo no Concello para posteriori valorar os riscos aos que estamos expostos e logo, como trae este plan, as medidas a aplicar para minimizar o impacto deses riscos, mais ou menos seria como un estudio de seguridade, resumindo contabilizar a redución de toneladas de CO₂ en base a unha medición inicial, unha redución dun 40%, como documento base, como punto de partida o documento canto menos é escueto e xeneralista, é dicir creo que deberíamos de ser mais ambiciosos neste documento, .O documento ten 31 páxinas das cales as 11 primeiras aportan datos do INE, a ubicación de Salceda de Caselas, o número de nenos escolarizados, os barrios e as parroquias de que está composto, non debemos esquecer que este Plan sáelle ao Concello en 7.260€, quero dicir 6.000€ que son a subvención que pon a Xunta de Galicia e 1.260€ que son o IVA que o Concello ten que aportar con fondos propios, para ser esta cantidade deste importe o documento creo que podía ser como dixen antes mais ambicioso e recalcar e non ser tan xeneralista. Incluso non contén todos os puntos que se lle piden no documento firmado por vostede Alcadesa, nas memorias dos traballos da elaboración do Plan de acción para o clima e enerxía sostible do Concello de Salceda de Caselas non están tódolos puntos no plan tal como detectamos. Analizando o plan en si, no punto tres de análises de riscos e vulnerabilidades non se trata nin tan sequera como pode influír o cambio climático, as consecuencias sobre a agricultura tradicional do Concello, ou comentar minimamente cales son os riscos para a flora e a fauna tampouco o toca, no punto catro de medidas e plans de actuacións así como se contempla medidas na redución do imposto de rodaxe para vehículos eléctricos tampouco se concreta si os híbridos poderían entrar nesta bonificación, poderíanse, por exemplo, propor bonificación no IBI a vivendas que acrediten certificacións enerxéticas de "A" ou "B" vivendas que polo seu sistema de iluminación ou sistemas de calefacción son de moi baixas emisións, tamén a nivel industrial pensade en bonificacións a empresas que fagan uso de coxeneración nas súas instalacións ou de enerxías renovables no desenvolvemento da súa actividade produtiva.

En canto as ausencias dos nosos compañeiros dicir que temos que aprobar este documento de presa e correndo no último día para poder xustificar a subvención, quero indicir na forma de convocar este pleno, creemos que cando menos é unha falta de previsión, unha falta de empatía cara nós no ámbito de poder conciliar a vida familiar, laboral coa de Concelleiros ou a de política nas asistencia as convocatorias notificadas por este goberno, proba delo é que hoxe somos tres cando deberíamos ser 6, avisando o venres a media mañá cando o luns é moi probable que todo o mundo teña obrigacións que atender, se non é unha falta de respecto será cando menos unha falta de empatía, enviándonos a documentación o venres as 3 e media por medio da sede electrónica, documentación para posicionarnos a favor ou en contra nun punto que se trae na orde do día, a



pregunta é si sabían que tiñan que aprobar este Plan e non lle deu tempo a traelo no pleno de 17, que entendemos que poida ser, porque non avisan aínda que non sexa formalmente da necesidade de facer un novo pleno extraordinario que tiñan visto enriba da mesa? Ou que pasou, case se lle despista? E por qué as 9:30? Podería ser as 8:00 de mañá, no Concello empezase a traballar as 8 de mañá, a nós en concreto produciríanos menos interferencias coa vida profesional. Asegúrolles que si nós estiveramos no goberno seríamos mais empáticos coas circunstancias persoais de vostedes e agora de convocar os plenos ou comisións teríamos mais respectos polas súas actividades fora da política.

Sr. Rodríguez Canosa: Bos días. Como ben dixo a Alcaldesa e o Concelleiro estamos aquí para a aprobación do Plan de acción para o clima e enerxía sostible, como xa dixo o compañeiro Rubén, Salceda xa se adheriu ao pacto das Alcaldías no ano 2019, e nos pactos das Alcaldías entre outras cuestións se incluía a elaboración deste PACES que toma como referencia para a redución das emisións o ano 2010, tamén quero lembrar que hai un traballo ben feito neste sentido, dende o ano 2010 que non temos que comezar de 0 senón que xa temos un pouquiño de camiño andado.

Sr. Tourón Domínguez: Bos días a todos e a todas, xa explicou o compañeiro de medio ambiente un pouco de que se trataba o tema que traemos hoxe aquí e das posibilidades que hai a partir de agora na mellora e no traballo deste documento, como ben decía o compañeiro do Partido Popular, Primitivo, isto é un acto de responsabilidade deste Concello, entendo que de todos os membros non so do equipo de goberno senón tamén da Corporación. Si ben ten razón pero non é faltar ao respecto nin ter empatía, nunca se trouxo un pleno destas características, nunca se trouxo un pleno extraordinario urxente, deixar entender que sempre convocamos os plenos así non estou de acordo, se ben entendo por suposto que un pleno convocado deste xeito e desta maneira é difícil a veces de cadrar coa conciliación e cos temas profesionais e laborais, pero é un tema suficientemente importante é responsable traelo en tempo e forma, a subvención o prazo de presentación remata no día de hoxe por suposto que ao mellor se puido haber feito as 8 da mañá, no momento de convocalo se lle comunicou ao portavoz do partido popular as 9:30, esperamos a resposta, que entendo que as tarefas laborais lle impediron respondernos antes, co cal houbo que tomar unha decisión eu entendín e sobre todo polas persoas do Partido Popular que tiveran conciliación sobre todo familiar que as 8 de mañá non era a mellor hora, terémolo en conta por si houbese que convocar outro pleno destas características. Polo demais dicir que é un documento vivo, que por suposto podemos ser mais ambiciosos se poderá ir traballando sobre él, e como decía o compañeiro Rubén, cada dous anos hai que dar conta das medidas.

Sra. Alcaldesa: Creo que debemos recoller as propostas que fixo na súa intervención do Concelleiro Primitivo, algunhas delas interesantes e



analizalas para facer mais risco este documento, non é falta de respecto nin é falta de empatía e a verdade é e que eu non teño ningún problema de convocar o pleno as 8 da maña.

Sr. González Souto: Verónica é certo que non houbo plenos urxentes si hainos extraordinarios que fanse pola maña dificultándonos moito a conciliación familiar e laboral, cando se pediu pola tarde, evidentemente vós representades maioría, aínda que nós somos o grupo maioritario vos representades a maioría no goberno e aprobastes o regulamento que permite facer os plenos extraordinarios pola maña, non podes negar que facer os plenos pola maña créannos bastante mais perxuízos que si foran pola tarde, de feito os ordinarios de ser aos venres pasáronse aos xoves, evidentemente vos sodes maioría, sodes goberno e tomades as decisións, agora que teñades en conta as nosas propostas é a parte. O noso compañeiro Santi díxonos que se lle notificou por whatsapp sobre as 9 – 9:30, el mirouno mais tarde porque estaba traballando, e tamén se lle quedou de enviar por parte de Verónica ou do Concelleiro de medio ambiente a documentación, non se lle enviou. Nós tamén temos que saber de que vai o documento, evidentemente non vamos a dicir aquí que non estamos dispostos a traballar o fin de semana e a nosa obrigaición, no que nos deu tempo estudar o documento creemos que para o que costou creo que se lle pode exixir un pouco mais de concreción, porque en medidas e plans de actuacións propor bicicletas eléctricas para solucionar o tema do transporte en Salceda, si isto vai a ser a panacea, ou en temas agrícola a redución de CO2 que se poida facer cos composteiros, pero os composteiros non están no rural están no centro urbano, hai certos puntos do plan que me parecen moi mellorables. Sería unha satisfacción para nós que estás medidas sobre as vivendas con certificado enerxético de A ou B que poidan ter exencións no IBE ao respecto creo que sería un incentivo cara, a que como di o plan que hai moitas vivendas con calefaccións a gasoil que poidan facer un cambio nas súas instalacións ben hacia biomasa, aerotermia ou enerxía renovables e que así poidan conseguir un certificado enerxético que lle permita acceder a esas bonificacións, haberá que incentivar de algunha maneira a redución do consumo de enerxía en consecuencia baixar as emisión de CO2.

Sr. Rodríguez Canosa: Cando hai algo extraordinario intentamos dentro do posible avisar antes de que vos chegue a convocatoria oficial, si é certo que o venres a media maña eu como Concelleiro de Movemento Salceda envíelle un whatsapp a Santi advertíndolle que lle chegaría a notificación, adianteille que lle chegaría a convocatoria do pleno de hoxe que estabamos pensando nas 9:30 que evidentemente por motivos laborais ou polos que foxe non puido contestar e quedou convocada a hora.

Sra. Touron Domínguez: E verdade que se pudo avisar antes pero si convocamos un pleno extraordinario urxente está claro que era porque non dispoñiamos da información co tempo suficiente para convocarvos doutra maneira, que nos gustaría habelo feito. O PACES non é solo este



documento que temos aquí, no expediente ten un montón de documentos mais, de fichas e documentación que tamén forman parte deste documento non só as 31 follas as que facemos referencia, estaban todas no expediente, facer fincapé que o traballo que se fixo non so foron estas 31 páxinas, senón o que rodea isto.

Sra. Alcaldesa: O 22 de febreiro de 2019 naquel entón o goberno de Movemento Salceda adheriuse a ese pacto de Alcaldías para a enerxía e o clima, somos conscientes todos do cambio climático é unha realidade e que temos facerlle fronte todas as administracións e as locais neste caso os Concellos tamén, sabedes que somos os primeiros en gobernar pegados a veciñanza e por iso temos que desempeñar políticas claves e que xoguen un papel importante nesta transición enerxética no cambio climático, temos que propor solucións, solucións que axuden a mellorar a calidade dos nosos veciños e veciñas que é o noso obxectivo político. Xa van mais de trece anos e medio que se xestionaron multitude de actuacións precisamente encamiñadas a búsqueda da mellora de calidade de vida de todos os Salcedenses e Salcedensas, me gustaría resaltar algunhas delas, peonalizamos e humanizamos moitos espazos neste ano e medio último tres actuacións de humanización, a nova praza da Devesa, a Rúa Gándara e a Rúa Compostela, gañamos espazo para os peóns, sabedes que estamos en plena xestión da compra da parcela da Devesa, precisamente para gañar espazos para as persoas e nos fins de semanas e nos festivos cortamos rúas para que ese esparcemento da cidadanía sexa maior, creamos unha rede de sendas e seguiremos a facelo para que precisamente se poida disfrutar deses espazos verdes, como o parque Mártires de Sobredo, instaláronse illas de reciclaxe por todo o municipio e creáronse varios punto de compostaxe na vila, neste ano tamén creáronse tres novos aparcadoiros gratuítos, un na Devesa e dous en Mártires de Sobredo que sumados aos trece existentes pois fan un total de casi 1200 prazas de aparcadoiro gratuíto, traballamos nesa bonificación de vehículos eléctricos e a instalación de recarga, tomo nota en canto aos híbridos, e precisamos a colaboración e a financiación doutras administracións para seguir cumprindo con este plan tan ambicioso, a construción do carril ciclo-turista hacia Parderrubias con fondos Europeos creo que é clave o aumento da liña de transporte público, que sabedes ben que é competencia da Xunta de Galicia é outro dos elementos claves, todos temos que sumar precisamente para que este plan teña sentido e a Axenda 20-30 se acabe cumprindo, queda moito, moitísimo que facer pero polo menos creo que temos claro toda a corporación cal é o camiño, no núcleo urbano viven mais 4169 veciños e veciñas de Salceda, nas beirarrúas de Salceda cuio ancho non cumpren o 1.80 e o 80% desas beirarrúas non teñen accesibilidade, o 65,8% do espazo publico está reservado ao vehículo, o 15,2% do espazo público é só de prioridade peonil, certo que esta cifra e do 2018 e nestes últimos anos coas humanizacións de tres espazos aumentouse esta porcentaxe, en definitiva, este PACES é un documento vivo como dixestes todas as partes hoxe aquí, que sufrirá melloras, que se ampliará en medidas para alcanzar o



obxectivo, o obxectivo é afrontar o problema do cambio climático que todos coñecemos, a COVI púxonos de manifesto a necesidade de políticas precisamente para a xente e no respecto ao medio ambiente e creo que vamos a aprobar este acordo por unanimidade algo do que me alegro porque é o noso deber trasladar un futuro sostible para o noso Concello, paso a ler a proposta de acordo, seguinte:

"Vista a orde da Consellería de medio ambiente, territorio e vivenda do 5 de Maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, por importe de 6.000 euros para a elaboración do informe do "Plan de Acción para o clima e a enerxía"

Visto que nos adherimos a dito plan o 22 de febreiro de 2019, e que se solicitou dita axuda, que se nos notificou concedida o día 8 de setembro de 2020.

Visto que dito plan xa está redactado conforme as bases da citada orde,

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Aprobación do "Plan de Acción para o clima e a Enerxía". (PACES)"

VOTACION: VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DEZ membros presentes a este sesión, adoptándose o seguinte acordo:

Aprobar o "Plan de Acción para o clima e a Enerxía". (PACES)"

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

on hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

